



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada

### DECANOS/DIRECTORES:

Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Pou Saracho, Juan María  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

ESTUDANTES:  
Terol Martín, Irene

### PAS:

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Barreiro Alonso, Enrique  
García Fontán, Soledad  
Graña Rodríguez, Ana María  
López Díaz, María  
Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de xaneiro de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O xoves día **26 de xaneiro de 2012**, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

- Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

Toma a palabra o reitor para dicir que o artigo 133 dos Estatutos da UVIGO e o Regulamento de premios extraordinarios de grao, aprobado no Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 13 de xuño de 2011, dispoñen que o Consello de Goberno, por proposta dos centros, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de grao.

Por outra banda, o reitor tamén sinala que a Disposición transitoria 4<sup>a</sup> dos Estatutos e o Regulamento de premios extraordinarios, aprobado no Consello de Goberno nas súas sesións de 8 de novembro de 1999 e 10 de febreiro de 2000, establecen que o Consello de Goberno poderá outorgar, a proposta das xuntas de centro, os premios extraordinarios por cada titulación e curso académico.

A continuación cede a palabra á secretaria xeral, quen solicita que se aproben as propostas feitas polas diferentes xunta de centro dos premios extraordinarios de grao para o curso 2009-2010 e 2010-2011.

Apróbase por asentimento a proposta de premios extraordinarios de grao que figura no **Anexo I**.

Continúa a secretaria xeral, solicitando que se aproben as propostas de premio extraordinario fin de carreira relacionadas na documentación que acompaña á convocatoria. Á proposta anterior, a secretaria xeral engade que se acepten as propostas feitas desde a Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Sociais, para que, por unha banda, se outorgue de forma excepcional o premio extraordinario fin de carreira en Comunicación Audiovisual 2009-2010 a D. David Vázquez Fraga. Expón, que debido a un erro

administrativo non apareceu nas listas do curso 2009-2010, polo que no seu momento non se puido propoñer para o premio extraordinario do ano académico correspondente. Por outro lado, solicita que se outorgue o premio extraordinario fin de carreira en Comunicación Audiovisual do curso 2010-2011 a D. José Simón González Río.

Apróbase por asentimento a proposta de premios extraordinarios de fin de carreira que figura no **Anexo II**.

Toma a palabra o reitor para dicir que o mesmo art. 133 dos Estatutos establece que o Consello de Goberno, por proposición da Comisión de Estudos de Posgrao, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación posible.

O reitor continúa dando lectura ao art. 21.7 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao, así como ao art. 7 da Resolución Reitoral do 28 de xullo de 2011, pola que se resolve publicar a convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas no curso académico 2010-2011. O reitor di que en ámbolos dous artigos se establece o seguinte na concesión dos premios extraordinarios de doutoramento:

a) Os tribunais nomeados para tramitar as propostas de premios extraordinarios remitiranllas á presidenta da Comisión de Posgrao, que llas remitirá ao reitor da Universidade.

b) A concesión de premios extraordinarios será sometida polo reitor á aprobación do Consello de Goberno da Universidade.

O reitor manifesta que, analizadas as propostas de concesión de premios, somete a aprobación do Consello de Goberno non aceptar a proposta de concesión de premio extraordinario de doutoramento para D. Gonzalo Astray Dopazo, porque na súa traxectoria investigadora concorre un informe negativo da Comisión de Investigación. O reitor procede a dar lectura a un extracto do informe elaborado pola Comisión de Investigación na súa reunión de 13 de maio de 2011, e que foi lido no Consello de Goberno na súa sesión do 21 de xullo de 2011, sendo así que: “A Comisión de Investigación estima que os feitos acaecidos constitúen unha evidente mala práctica investigadora, acumulándose sucesivos erros e negligencias totalmente impropios de investigadores de calidade. Trátase dun proceder reprobable en se mesmo, e que repercute moi negativamente na imaxe da nosa institución, danando gravemente a súa reputación e a de todos os investigadores que a compoñen, dificultando tanto o progreso como o posicionamento desta no contesto nacional e internacional”.

Terminada a lectura, o reitor di que vistos os termos nos que se expresa o informe da Comisión de Investigación, constitúe un demérito suficiente para non proporcionar a mención de honra da UVIGO, independentemente de cal fose o currículo de investigador do candidato. Sinala que, en uso das competencia que lle atribúe o art. 21.7, somete aos membros do Consello de Goberno a non aceptación da proposta de premio extraordinario de doutoramento para D. Gonzalo Astray Dopazo, mantendo o restos das propostas de concesión.

Cede a palabra ao Prof. Armando Caballero, quen solicita dar lectura a unha carta e que conste na acta (**Anexo III**). Finalizada a lectura, quere que conste que a carta presentada ten o visto e prace do tribunal nomeado para tramitar as propostas dos premios; que o tribunal actuou imparcialmente, ata o punto que o mesmo descoñece as persoas implicadas; que

lamenta que os comentarios vertidos na web e en comunidade danen a imaxe da Universidade e dos profesores que compoñen o tribunal, e que, como membro do mesmo, ratifícase na súa decisión.

O reitor di que non se trata de reprobar o traballo dos tribunais, os cales desempeñaron correctamente o seu traballo, baremando os méritos científicos presentados polo candidato conforme aos diferentes apartados da convocatoria, pero que, con independencia dos méritos científicos que valorou a Comisión, o premio extraordinario de doutoramento é unha mención de honra e non un dereito. Continúa o reitor dicindo, que o Consello de Goberno non pode ir en contra dos seus propios actos desdicíndose do reproche que fixo na súa sesión de 21 de xullo de 2011, e é precisamente o mesmo Consello de Goberno ao que lle corresponde aprobar en última instancia as propostas de honra que fai a Universidade de Vigo.

O Prof. Armando Caballero solicita votación sobre a proposta do reitor de non aceptar a proposta de concesión de premio extraordinario de doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo.

Procédese á votación.

Votos a favor: 16  
Votos en contra: 4  
Abstención: 0

Intervén o Prof. Armando Caballero para dicir que, como consecuencia da decisión adoptada, queda deserto un premio extraordinario no ámbito científico e roga que se acorde conceder o premio extraordinario de doutoramento no ámbito científico ao seguinte candidato da lista.

Acéptase por unanimidade.

Acórdase por asentimento conceder os premios extraordinarios de doutoramento que figuran no **Anexo IV**.

Acórdase denegar a proposta de concesión de premio extraordinario de doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo.

Acórdase por asentimento que se conceda o premio extraordinario de doutoramento ao seguinte candidato da lista no ámbito científico.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 horas do día 26 de xaneiro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

